



As Vingadoras

maquinaria pesada

Ciclo "CIRCO EN ESCENA" no Salón Teatro

Funcións_

Sábado 14 de febreiro ás 20.30 h - DEBUT

Domingo 15 de febreiro ás 18.00 h

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	2
FICHA ARTÍSTICA	3
SINOPSE	4
<i>THE AVENGERS (OS VINGADORES)</i>	5
O ESPECTÁCULO	6
QUEN SON EMMA E PILI? QUEN É O AXUDANTE?	7
O DIRECTOR	8
A COMPAÑÍA E O ELENCO	9

PRESENTACIÓN

“Os *clowns* foron inventados en 1814 en Sabucedo, na Rapa das Bestas, un catro de xuño. Eran as dúas da tarde dun xoves e estaba chovendo, aínda que non parecía que fose por moito tempo. Dous tipos, Pepe Filispín e Xocas Kelis, traballaban recollendo a bosta que caía detrás dos cabalos. Pepe era alto e espilido e Xocas bastante baixo e repoludo. Ese día chegaban os dous tarde ao traballo e levaban unha boa resaca. Xocas, o pequeno e repoludo, foi o primeiro en chegar. Buliu polo almacén e colleu o primeiro traxe que atopou. Desafortunadamente, os pantalóns que apañou quedábanlle moi longos e moi estreitos. Tan pronto como chegou ao torreiro tropezou e caeu ao chan, co cal todo o mundo se botou a rir. Pepe foi o seguinte en chegar. Apañou o único traxe que quedaba, que era moi curto e moi ancho. Estaba furioso. Correu para o escenario e bateulle ao seu colega coa pa na cabeza. Caéronlle os pantalóns e el caeu despois. A multitude ría a rabear. Pepe púxose aínda máis anoxado e a xente riu outra volta. Canto máis rían, máis perdía os nervos, ata chegar a estar completamente enfurecido, polo cal Xocas tivo que baterlle coa pa na cabeza. O xefe estaba encantado con aquela actuación, así que decidiu pagarlles máis cartos, darlles cadansúa botella de cervexa e pedirlles que fixesen o mesmo todos os días que houbese rapa. E todos viviron felices dende aquel intre”.

John Wright despois de Phillipe Gaulier

FICHA ARTÍSTICA

Enxeñeiras:

Isabel Risco: *Emma*

Marián Bañobre: *Pili*

Clown maquinista:

José Losada: *Ti*

Enxeñeiro xefe de taller: John Wright

Auxiliar de taller: José Leis

Asistente do enxeñeiro xefe: Rachel Briscoe

Deseñador de trebellos: Ángel Amaro

Electricista / cadro de luces: Santiago Mañasco

Sintonías: Maquinaria Pesada

Técnico de audio: José Leis

Roupa de traballo:

Yobordo e Carnaby / Minimy

Mari Luz López (Sastra)

Imaxe corporativa: Esther Martínez, Maribel Valdivieso e Lucía Valdivieso

Intérpretes: Rebeca Fernández e Manu Fernández

SINOPSE

A compañía galega Maquinaria Pesada debuta coa estrea do espectáculo de *clown* *As vingadoras*, o novo proxecto en común das actrices galegas Marián Bañobre e Isabel Risco baseado na serie televisiva inglesa dos anos sesenta *The avengers* (*Os vingadores*).

Algo cheira a podre aí fóra; haberá que investigar e enfrontarse a quen ou ao que sexa. Coa súa preparación e coñecementos, as astutas Emma e Pili, unha vez máis, resolverán un caso de máxima importancia para a sociedade galega.

Emma e Pili reivindicáanse, sen sabelo, como herdeiras galegas do espírito tan tipicamente británico da investigación secreta propia de organismos como Scotland Yard ou o MI6, e trasladan a Galicia estes métodos de traballos propios das Illas por petición da mesmísima Xunta de Galicia, ante unha serie de acontecementos de trágicas consecuencias e de difícil explicación.

Tras destapar falsas ONGs, desarticular bandas internacionais de manipulación climática, desenmascarar extraterrestres infiltrados coma políticos no Parlamento, e rematar dunha vez por todas cunha Santa Compañía invasiva, aparecida polo día, pola noite, por todas partes sementando o pánico, este tándem é convocado para resolver un novo enigma. Cal será desta vez? Que aventuras as agardan? Sairán airosas deste novo reto? Sobrevivirán? Supervivirán?...

THE AVENGERS (OS VINGADORES)

A serie televisiva *Os vingadores* constitúe todo un referente na historia do audiovisual do Reino Unido. Creada por Sydney Newman e producida pola Associated British Corporation (ABC), comezou a emitirse nos anos sesenta nunha época na que Hitchcock e Ian Fleming triunfaban con historias de espías e axentes secretos que loitaban contra malfeitores que pretendían apoderarse do mundo.

Nesta década, ademais, empezábase a reivindicar a presenza da muller en ámbitos nos que até o momento estaba relegada. *Os vingadores* supuxo ao respecto un revulsivo, pois a súa protagonista, Emma Peel, introducía unha muller moderna, independente, culta, universitaria, intelixente, forte, con recursos, feminina, agarimosa, comprensiva e con sentido do humor; pero non se trataba de ningunha superheroína, senón que tiña as súas debilidades e, como unha persoa real, tamén se equivocaba.

Patrick Macnee, no papel de *John Steed*, interpretaba un avisado axente capaz de emular a Sherlock Holmes e James Bond á vez. Cunha impecable imaxe de elegante e simpático cabaleiro inglés, valíase de armas tan peculiares como o seu bombín ou un paraugas para combatir aos delincuentes. E como todo axente segredo que se preciase, debía ter unha bela acompañante. Diana Rigg, no papel de *Emma Peel*, encaixou á perfección no rol da sex-símbol que precisaba a serie para converterse nun fenómeno mundial. Sensualidade, simpatía, glamour e unha gran dose de cultura pop foron os ingredientes que propiciaron que *Os vingadores* se transformase nunha serie de culto.

O ESPECTÁCULO

Froito dun proceso de creación colectiva entre os membros do elenco e o director escénico John Wright, o espectáculo está centrado no dúo de *clown*, protagonizado polas actrices Isabel Risco e Marián Bañobre, e introduce un terceiro personaxe - interpretado por José Losada - para así poder ter unha gama máis ampla de intelixencias *clownescas*: a lista, a tonta e o completamente idiota.

Tradicionalmente a muller foi recorrente obxecto cómico, pero en poucas ocasións se converteu no suxeito da comicidade. Porén, nas últimas décadas, este panorama transformouse radicalmente, coincidindo coa auxe do circo contemporáneo (*nouveau cirque*). Aquela transgresión poética e social que o pallaso levou implícita na súa definición desde tempos remotos viuse dobremente ampliada e renovada por levar apostas cómicas e transgresoras das mulleres.

A compañía Maquinaria Pesada defende a idea de que o futuro da muller está na expresividade *clownesca*, como unha das claves para acadar a definitiva liberación da súa condición perante a sociedade. Para as fundadoras desta nova formación teatral, Emma Peel presenta moitos paralelismos con toda esta reflexión acerca da muller *clown*, pois é unha muller paradigma da contemporaneidade, que sen perder a súa condición feminina, realiza unha actividade até o momento asociada a roles masculinos. Como ela, as pallasas de *As vingadoras* xogarán a ser expertas en artes marciais, esgrima e loita.

QUEN SON EMMA E PILI?

Emma (interpretada por Isabel Risco) e *Pili* (Marián Bañobre) son dúas pallasas que xogan a ser Emma Peel, porque sempre quixeron, porque as divirte, porque lles gustaría ser coma ela, e aínda que fracasen nin deixarán de intentalo.

Nas resolucións dos casos deberán transformarse co fin de pasar desapercibidas e mergullarse de incógnito no lugar dos feitos. Dentro dos seus buzos axustados, que resaltan tamén o seu lado máis feminino, loitarán até desenmascarar os traidores e así vingar a nosa terra.

Como este xogo as divirte, están dispostas a incorporar outros personaxes necesarios para o desenvolvemento da historia (policías corruptos, falsos investigadores, carrachas que falan...).

QUEN É O AXUDANTE?

Imprescindible é a colaboración durante todo o espectáculo dun *clown* maquinista que nun constante estrés aportará todo tipo de atrezzo e efectos sonoros, ademais de poñer en marcha a maquinaria escenográfica, “a maquinaria pesada”.

O DIRECTOR

JOHN WRIGHT

Director de teatro de recoñecido prestixio internacional, o londinense John Wright exerce tamén como profesor de máscara e *clown*. A principios dos anos 80 co-fundou a compañía Trestle Theatre, coa que dirixiu até 1992 as montaxes *Top Story*, *Ties that bind* e *The edge*. En 1993 co-fundou a compañía Told by an Idiot, onde puxo en escena a meirande parte dos seus espectáculos como *Aladdin at the Lyric Theatre*, *I can't wake up*, *On the verge of exploding* (nomeado nos premios independentes), *Don't laugh it's my life*, *I'm so big* e *Happy Birthday Mr. Deka D*. No seu repertorio destacan tamén *Hamlet*, *The Changeling* e *Richard the Third* para Third Party Productions Ltd, *The wife of bath* e *The man who woke up in the dark* para Trading Faces e *Don Juan*, para Commotion Theatre.

O seu traballo en ópera inclúe o espectáculo *Master Peters Puppet Show* e *Asop* para NYMT e The Royal Opera House. Ademais, acaba de rematar un proxecto para a Unión Europea chamado *Common Nonsense*, así como unha nova montaxe, *Arcane*, para Opera Circus.

Recentemente dirixiu proxectos de nova escrita como *Meeting myself Comming Back* de Kerri Hood para Soho Theatre, *Old New Borrowed Blue*, de Six of One, *She'll be coming round the mountain* para Back Stairs Influence e *Out of the Blue*, para Rejects Revenge.

Entre os seus títulos de circo cómpre citar *Only Fools no Horses*, de Sarah Wood (con Angela DeCastro), *A Little Job for an Old Clown* para Royal National Theatre Studio, *Soul in a Suitcase* con Jayne Sutcliff (artista de aéreos) e *Circus Moon*, un gran espectáculo de circo en colaboración con Half Moon Theatre.

En canto a premios recibidos, destaca o Greater London Award pola súa contribución ao teatro físico; no Festival de Edimburgo otorgóuselle The Fringe First Award por *Aesop*, e tamén lle concederon The Time Out Theatre Award por *The edge* e The Guardian Award e The Sunday Times Award por *She'll be coming round the mountain*.

Finalmente, desenvolve unha importante labor pedagóxica a través da súa escola de Londres, The Wright School, e os seus estudos sobre os arquetipos e o *clown* convérteno nun dos grandes mestres contemporáneos. *As vingadoras* será o primeiro espectáculo que dirixe en Galicia, aínda que xa nos ten visitado nalgunha ocasión para impartir obradoiros.

A COMPAÑÍA E O ELENCO

Maquinaria Pesada xorde da iniciativa das actrices galegas Marián Bañobre e Isabel Risco e do seu interese común: o de intentar entreter co seu traballo. En 2001 este dúo de pallasas cheo de complicidade e de enerxía xuntábase por primeira vez nun sketch que versionaba o clásico conto da Cincenta e que formaba parte do espectáculo *Cousas de mulleres*, que dirixiu Jöns Papilla e Pablo Muñoz para Good Idea Company. O sketch foi medrando en tempo e ideas, e poucos meses despois transformouse en *As Cincentas descowntroladas* da compañía Dous son compañía, que permaneceu en xira durante seis anos.

Outros traballos nos que coincidiron son *Cousas de mulleres* (2001, con dirección de Good Idea Company), *U-la praia* (2001, Good Idea Company) e *Manicomio só para clowns* (2002, Carlo Colombaioni), os tres para a compañía Os Sete Magníficos Máis Un.

ISABEL RISCO

Actriz, *clown* e pedagoga teatral. Comeza a súa traxectoria profesional en grupos de teatro universitario da Coruña, na escola Casahamlet e asistindo a cursos monográficos con mestres como Eric de Bont, Jango Edwars, John Wright, Leo Bassi, Serge Nail, Kirko Koski, Alfredo Rodríguez, Tom Greder, Claudia Contín, Angel Burgos, Sophie Gazel, Carlo Colombaioni, Pablo Muñoz, Johns Pappila, Manuel Lourenzo, Carlo Bosso, etc.

Dende o ano 2000 participa en espectáculos das compañías Espello Cóncavo, Os Sete Magníficos Máis Un, Manicómicos e Producións Desaqueouloutradas, coas que ten participado nalgúns dos festivais de teatro e *clown* máis importantes da península.

En 2005 gradúase en Pedagogía Teatral na Universidade da Coruña, aínda que vén desenvolvendo a actividade de monitora de teatro en colexios dende 2001.

No ámbito audiovisual, traballa como actriz secundaria e protagonista en series como *Padre Casares*, *A vida por diante* ou *Air Galicia*, así como noutros programas da TVG como *Pillados*, *Zapping Comando* ou *Máxima Audiencia*. Participou tamén en diversas curtametraxes, spots publicitarios e en longamentraxes, como *Os mortos van á présa*.

MARIÁN BAÑOBRE

Actriz, *clown* e docente. Iniciouse no mundo do teatro tras diplomarse pola escola actoral Casahamlet e realizar o Posgrao en Arte Dramática: Teoría e Práctica da Interpretación (USC 2003-2004). Completou a súa formación con mestres como Claudia Contín, Jonh Wright, Pierre Byland, Luis Iglesia, Sandra Montes, Etelvino Vázquez, Sophie Gazel, Antonio Fava, Vicente Fuentes, Carlo Colombaioni, Eric de Bont, Leo Bassi, Carlos Vizcaíno, Theodor Smeu, Pablo Muñoz, Jons Pappila, Mar Navarro, Andrés Hernández, Carmela Bueno, Cándido Pazó, Andrés Pazos, etc.

Dende o ano 1999 participa en máis de vinte espectáculos profesionais dentro e fóra de Galicia, coas compañías Casahamlet, Teatro do Morcego, Teatro de Ningures, Nove-Dous Teatro, Teatro Organic, Os Sete Magníficos Máis Un e Centro Dramático Galego. En 2006 recibe o premio María Casares á Mellor Actriz Secundaria polo espectáculo *Tartufo*, de Teatro de Ningures.

Imparte dende 2003 obradoiros de *clown* e de teatro na escola Santart de Santiago de Compostela e tamén para diversos concellos e asociacións de toda Galicia. Dende 2007 participa na serie da TVG *Air Galicia*.

XOSÉ LOSADA

Actor, *clown* e bailarín. Formouse con mestres como John Wright, Mar Navarro, Ernesto Caballero, Manuel Lourenzo, Antoni Chic, Ollés Flórez, Andrés Corchero, Margarita Guergue, Álex Siemen, Bárbara Monteagudo, Carlo Colombaioni, Leo Bassi, Johny Melvill, Tom Greder, Johns Pappila, Eric de Bont, Cristian Atanasiu, Filipe Crawford, Vicente Fuentes, Fabio Mangolini, Ángel Burgos, etc.

Traballa como *clown* xunto con Isabel Risco e Marián Bañobre en varios espectáculos da compañía Os Sete Magníficos Máis Un, ademais de participar en espectáculos de teatro, danza, óperas, series de televisión, curtas e publicidade.